

CONVENIO DE DOBRE TITULACIÓN INTERNACIONAL ENTRE A UNIVERSIDADE DA CORUÑA (UDC) E O INSTITUTO POLITÉCNICO DE BRAGANÇA (IPB)

Reunidos

Dunha parte, a Universidade da Coruña, a partir de agora UDC, con sede na Coruña, Maestranza, 9, CP: 15001 e no seu nome e representación, D. Julio E. Albalde Alonso, Reitor Magnífico da Universidade da Coruña, en uso das atribucións que lle confire o art. 36.1.f) dos Estatutos desta Universidade, aprobados por Decreto 101/2004, do 13 de maio, DOG do 26 de maio).

E doutra parte, O Instituto Politécnico de Bragança (IPB), institución pública de ensino superior, situado no Campus de Santa Apolónia, Bragança, Portugal, e no seu nome e representación, o profesor Orlando Isidoro Afonso Rodrigues, presidente deste Instituto Politécnico.

Manifestan

I

Que a UDC é unha institución pública de ensino superior, situada na Coruña, España, representada neste acordo polo seu Reitor Julio E. Albalde Alonso

II

Que o IPB é unha institución pública de ensino superior, situado no Campus de Santa Apolónia, Bragança, Portugal, representada neste acordo polo seu Presidente, o profesor Orlando Isidoro Afonso Rodrigues

III

Que tanto a UDC como o IPB a través da sinatura do presente convenio, pretenden subscribir un acordo entre o Instituto Politécnico de Bragança (IPB) e a Universidade da Coruña (UDC) para a formalización da dobre titulación “Master Universitario en Informática Industrial y Robótica” (UDC) e “Mestrado em Engenharia Industrial - Ramo: Engenharia Eletrotécnica” (IPB)

Tendo en conta o anteriormente exposto, ambas as dúas partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica suficiente para subscribir o presente Convenio de acordo coas seguintes

Clausulas

PRIMEIRA: obxecto do convenio

O obxecto do presente Convenio é establecer un marco de actuación para a colaboración entre a UDC e o IPB co fin de establecer as condicións que deben cumprir os estudantes das respectivas institucións para obter os títulos académicos de 'Master Universitario en Informática Industrial y Robótica' (<https://estudios.udc.es/gl/study/start/4538V01>) da UDC e de 'Mestrado em Engenharia Industrial - Ramo: Engenharia Eletrotécnica' (http://portal3.ipb.pt/index.php/pt/guiaects/cursos/mestrados/curso?cod_escola=3043&cod_curso=9572) do IPB.

SEGUNDA: condicións

1. PRINCIPIOS

Os proxectos de dobre titulación aséntanse nun recoñecemento recíproco de ambas as dúas institucións a través dos correspondentes procedementos establecidos en Portugal e en España.

Tendo en conta os diferentes sistemas de ensino superior, a dobre titulación concretarase cunha duración similar da formación para os seus estudantes. En particular a dobre titulación concretarase calculando os tres cursos de graduación do IPB cos catro cursos dun título de grao da UDC, mais un ou dous cursos adicionais de estudos de mestrado.

A dobre titulación estará dispoñible pra un número de estudantes a acordar entre as dúas institucións e implicará a mobilidade internacional do estudante durante medio curso ou un curso lectivo.

Os plans de estudos do período de mobilidade na institución anfitroia incluírán, obrigatoriamente, a realización de traballos, estadías e seminarios que promovan o intercambio de estudantes e a cooperación entre profesores e investigadores das dúas institucións a través da supervisión e de proxectos de investigación comúns.


Esta cooperación poderase potenciar igualmente a través da mobilidade do persoal docente entre ambas as dúas institucións, por curtos períodos de docencia e seminarios na institución anfitroia e a supervisión dos estudantes da dobre titulación.

Os estudantes de intercambio matricularanse na respectiva institución de orixe aboando os prezos públicos de matrícula e as taxas necesarios. Na institución anfitroia estarán exentos dos prezos públicos de matrícula e en cada institución aboarán as taxas que correspondan. En todo caso os estudantes do IPB aboarán na UDC as taxas correspondentes á expedición do título e as taxas de secretaria na UDC, e todas aquelas outras taxas que xeren os estudos da UDC e que sexan obrigatorios para todos os estudantes regulares.

2. DO ACCESO, ADMISIÓN E RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS

Os estudantes da dobre titulación deberán estar matriculados en ambas as dúas institucións no seu período de mobilidade internacional.

Os estudantes deberán rematar os títulos superando as materias, o Traballo Fin de Máster (TFM) e a Dissertação/Projeto/Estágio que constan nos cadros incluídos na cláusula terceira deste acordo.



a) Para os estudantes da UDC no IPB:

- Os estudantes da UDC matricularanse no IPB tras superar oito semestres lectivos en titulacións oficiais da rama de coñecemento de Enxeñaría e Arquitectura ou da rama de coñecemento de Ciencias e un semestre no mestrado obxecto deste acordo (270 créditos como mínimo).
- Dos anteditos 270 créditos, 180 empregaranse como requisito para o acceso ao 'Mestrado em Engenharia Industrial - Ramo: Engenharia Eletrotécnica' do IPB, segundo o apartado D, do artigo 17, do Decreto Lei número 115/2013, de 7 de agosto, da República Portuguesa.

- Os créditos restantes utilizaranse para seren recoñecidos no plan de estudos do 'Mestrado em Engenharia Industrial - Ramo: Engenharia Eletrotécnica' do IPB ate chegar á formación total efectuada na UDC.

b) Para os estudantes do IPB na UDC

- Os estudantes do IPB matricularanse na UDC tras superar a Licenciatura en Enxeñaría (3 anos ou 180 créditos) e o primeiro ano curricular do curso de 'Mestrado em Engenharia Industrial - Ramo: Engenharia Eletrotécnica' (60 créditos) do IPB, equivalente a un total de 8 semestres (240 créditos) das titulacións de grao da UDC.

- Con estes 240 créditos os estudantes do IPB equiparan os seus estudos aos de grao para poderen acceder ás ensinanzas do 'Master Universitario en Informática Industrial y Robótica'.

3. DO PLAN DE ESTUDOS NA INSTITUCIÓN ANFITRIOA

Os estudantes da UDC efectuarán a súa mobilidade no IPB no segundo semestre do 'Master Universitario en Informática Industrial y Robótica' da UDC, correspondendo ao cuarto semestre do 'Mestrado em Engenharia Industrial - Ramo: Engenharia Eletrotécnica' do IPB, con inicio no mes de febreiro.

Os estudantes do IPB efectuarán a súa mobilidade na UDC no terceiro semestre do 'Mestrado em Engenharia Industrial - Ramo: Engenharia Eletrotécnica' do IPB, correspondendo ao primeiro semestre do 'Master Universitario en Informática Industrial y Robótica' da UDC, con inicio no mes de setembro.

A duración normal do período de mobilidade internacional será dun semestre. No entanto, para permitir a realización do TFM da UDC, e da "Dissertação/projeto/estágio" do IPB, poderá concederse un período adicional de tres meses, seguido dun mes mais para a preparación da defensa pública destes traballos. Esta situación deberá ser aprobada polos coordinadores dos títulos.

Tanto a "Dissertação/Projeto/Estágio" no IPB, como a TFM na UDC deberán ter a codirección de profesores de ambas as institucións.

Os tribunais avaliadores das presentacións e defensas públicas compoñeranse de forma obrigatoria por profesores de ambas as dúas institucións.

a) Para os estudantes da UDC no IPB:

Os estudantes da UDC deberán aprobar a materia "Dissertação/Projeto/Estágio" do 'Mestrado em Engenharia Industrial - Ramo: Engenharia Eletrotécnica' do IPB, de 42 créditos, dos cales 12 créditos serán recoñecidos, correspondentes á realización e defensa do TFM na UDC.

Os estudantes da UDC seleccionados para a dobre titulación no IPB deberán iniciar o tema común da “Dissertação/Projeto/Estágio” do ‘Mestrado em Engenharia Industrial - Ramo: Engenharia Eletrotécnica’ do IPB e do TFM do ‘Master Universitario en Informática Industrial y Robótica’ da UDC no primeiro semestre, definindo o equipo de orientadores/directores do IPB e da UDC e realizando un traballo de investigación equivalente a 12 créditos, sendo este complementado co traballo de investigación a concretar durante o semestre de mobilidade no IPB.

b) Para os estudantes do IPB na UDC:

Os alumnos do IPB deberán aprobar as disciplinas do ‘Master Universitario en Informática Industrial y Robótica’ da UDC, de acordo co cadro 2.

Cadro 2 – Disciplinas do ‘Master Universitario en Informática Industrial y Robótica’ da UDC

Disciplina na UDC	Semestre	ECTS
Traballo Fin de Máster	1º	9
Accionamentos Industriais	1º	4,5
Automatización Avanzada	1º	4,5
Linguaxes de Alto Nivel para Aplicacións Industriais	1º	4,5
Robótica Intelixente e Sistemas Autónomos	1º	4,5

O tema do TFM do ‘Master Universitario en Informática Industrial y Robótica’ da UDC deberá ser definido conxuntamente coa “Dissertação/Projeto/Estágio” do ‘Mestrado em Engenharia Industrial - Ramo: Engenharia Eletrotécnica’ do IPB, definindo igualmente o equipo de orientadores/directores do IPB e da UDC. O TFM realizado da UDC será complementado co traballo de investigación a concretar durante o cuarto semestre no IPB.

4. TÍTULOS EXPEDIDOS

a) Para estudantes da UDC:

Tras superar o período de mobilidades internacional no IPB e reunir as condicións de terminación da titulación na UDC, o IPB expediralles o título oficial de ‘Mestrado em Engenharia Industrial - Ramo: Engenharia Eletrotécnica’.

b) Para estudantes do IPB:

Tras superar o período de mobilidade internacional na UDC e reunir as condicións de terminación da titulación no IPB, a UDC expediralles o título de ‘Master Universitario en Informática Industrial y Robótica’.

5. NÚMERO DE ESTUDANTES

Cada curso académico establecerase un número máximo de 10 estudantes que pode acceder á dobre titulación. Cada institución reservará o número de prazas necesario.

Este número pode ser aumentado por acordo mutuo por escrito.

TERCEIRA: entrada en vigor e duración

O presente acordo entrará en vigor no momento da súa sinatura por ambas as dúas institucións e de acordó co respectivo calendario académico. A súa vixencia será de 2 anos e deberá ser renovado automaticamente por igual periodo de tempo.

CUARTA: modificación do convenio

As partes poderán modificar o presente documento por escrito en calquera momento por mutuo acordo debendo ser asinado polos representantes legais de ambas as dúas institucións.

QUINTA: resolución do convenio

Cada unha das institucións ten o dereito de rescindir o presente acordo por notificación escrita ate polo menos cunha antelación de seis meses. Tal decisión non deberá afectar aos profesores, investigadores ou alumnos que se encontren nese momento en intercambio nos termos deste acordo, mantendo os seus dereitos inalterados ata a finalización do plan de actividades.

SEXTA: cuestións litixiosas

As partes acordan resolver de xeito amigable calquera controversia que puidese xurdir na interpretación do presente acordo. No caso de que o desacordo non poida ser resolto do modo anterior, nomearase un comité de arbitraje, composto por un membro designado por cada unha das partes e outro membro elixido por mutuo acordo.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan o presente documento.

Instituto Politécnico de Bragança

Universidade da Coruña

Prof. Orlando Isidoro Afonso Rodrigues

Julio E. Abalde Alonso

Anexo – Sistema de puntuación

España	Portugal
10	20
9,5	19
9,0	18
8,5	17
8,0	16
7,5	15
7,0	14
6,5	13
6,0	12
5,5	11
5,0	10
0.0-4.9	0-9

Anexo – Comisión de seguimento

Comisión de seguimento na UDC: O coordinador/direitor dos estudos motivo do presente acordo e os membros do equipo directivo da escola.

Comisión de seguimento no IPB: O coordinador/direitor dos estudos motivo do presente acordo e os membros do equipo directivo da escola.

Anexo – Descrición do sistema de créditos e equivalencia

Na UDC un crédito ECTS equivale a 25 horas de traballo total dun estudante.

No IPB un crédito ECTS equivale a 27 horas de traballo total dun estudante.

Anexo – Informe de la comisión académica